

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA PARA UNIFORMAR A XESTIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO
DE GALICIA**

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2003


REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. Celso Currás Fernández, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en virtude da competencia atribuída polo artigo 34.1 da Lei 1/83, do 22 de febreiro de 1983, da Xunta e do seu presidente.

Doutra parte o Excmo. Sr. Senén Barro Ameneiro, rector magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude da competencia atribuída no artigo 78 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade xurídica para actuar no presente acto.

DECLARAN:



A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres Universidades que compoñen o Sistema Universitario de Galicia, queren uniformar os sistemas de xestión académica, de xestión de persoal e de xestión económica de tal forma que o mesmo sexa común para as tres Universidades, permitindo posteriormente establecer un único sistema que conecte as tres, facilitando así á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria esa conexión conxunta das Universidades que compoñen o Sistema Universitario Galego. Para poder lograr este

obxectivo é necesario en primeiro lugar proceder a realizar unha aplicación informática uniforme en cada unha das Universidades, pero perfectamente compatible coas demais e en segundo lugar facer unha aplicación conxunta na que se realice conexión na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En consecuencia acordan formaliza-lo presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con cargo á partida orzamentaria 07.05.322C.440.4, concepto orzamentario "convenios de colaboración coas universidades" do orzamento do ano 2003 da Dirección Xeral de Universidades, transferir á Universidade de Santiago de Compostela, a cantidade de setenta e catro mil cento noventa e catro con corenta e tres euros (74.194,43 euros).

Segunda.- O obxectivo deste convenio é a realización por parte das Universidades da primeira parte do proxecto consistente da realización das aplicacións uniformes compatibles entre as Universidades có obxectivo de poder realiza-la segunda fase consistente nunha aplicación común que englobe as anteriores e establecéndose a conexión coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Terceira.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades, procederá a librar á Universidade de Santiago de Compostela o 80% da citada cantidade, previa presentación da programación

Handwritten signature

das actividades que se vaian realizar, coa aprobación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e o restante 20% unha vez realizadas as accións programadas, acreditando os gastos mediante unha certificación do xerente da Universidade, na que conste cada unha das actividades realizadas co seu custo correspondente e o resultado obtido, e a conformidade do cumprimento das prestacións obxecto do convenio polo director xeral de Universidades, quedando a documentación xustificativa na Universidade, a disposición da Consellería.

Cuarta.- Para a realización do seguimento da execución do presente convenio nomearase unha comisión de seguimento que estará constituída do seguinte xeito:

Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- Director xeral de Universidades, que será o presidente da comisión.
- Subdirector xeral de Universidades.
- Xefe de servizo de Financiamento de Universidades.

Pola Universidade de Santiago de Compostela:

- Rector desa universidade ou persoa en quen delegue.
- Vicerrector de Economía e Financiamento ou persoa en quen delegue.
- Xerente ou persoa en quen delegue.

Quinta.- As controversias que puideran xurdir da interpretación do presente convenio resolveranse por unha comisión, a cal estará constituída polos mesmos membros que forman a antedita comisión de seguimento.

Sexta.- A vixencia do convenio é exclusiva para as accións nel reseñadas e para a execución desas accións por unha soa vez, quedando automaticamente resolto coa resolución das accións, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2003.





CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano - SANTIAGO DE COMPOSTELA

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, asinan o presente convenio no lugar e data "ut supra".

Pola Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria
O conselleiro

Celso Currás Fernández.

Pola Universidade de Santiago de Compostela
O rector

Senén Barro Ameneiro

X40109